

ACTA MESA CONTRATACION

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DO CLUB DE LECTURA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL ISIDRO NOVO. EXP. REF. 2024-C003-000025. Lectura de informe técnico e apertura de oferta económica.

Sendo as 9:00 horas do 5 de setembro de 2024 no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación presidida por dona Ana Tabarés Martínez, Técnica do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Lugo e actuando como vocais:

- dona Gema Vázquez Rey, técnica do servizo de Intervención do Excmo. Concello de Lugo
- don Manuel Louzao Aldariz, titular de Asesoría Xurídica.
- dona María Teresa Pena, responsable a biblioteca Municipal.

E actuando como Secretaria, dona Eva Diaz López, técnica do servizo de Contratación e Patrimonio.

A presidenta da lectura resumida do informe técnico da Directora da Biblioteca municipal do 4 de setembro de 2024 que se transcribe a continuación para xeral coñecemento:

"INFORME DA BIBLIOTECA MUNICIPAL RELATIVO Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DO CLUB DE LECTURA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL ISIDRO NOVO. EXPTE. REF. 2024/C003/000025

En resposta á solicitude de informe remitida pola Mesa de Contratación celebrada o 29.08.2024, relativo á oferta técnica admitida para a contratación da coordinación do Club de Lectura da Biblioteca Municipal Isidro Novo, e unha vez examinada a documentación presentada pola licitadora ANTÍA YÁÑEZ RODRÍGUEZ, cómpre informar:

Conforme á cláusula décimo segunda do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe esta contratación, os criterios avaliábeis segundo xuízo de valor son:

<< 12.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR.- Ata un total de 5 puntos.

12.2.1.- PROPOSTA TÉCNICA. Ata un máximo de 5 puntos.

As empresas licitadoras deberán achegar obrigatoriamente unha Proposta Técnica na que se desenvolverán os diferentes apartados obxecto de valoración:

*- A planificación e estrutura do desenvolvemento das sesións: forma de organizar a actividade para a súa mellor acollida e efectividade, tendo en conta a claridade, sinxeleza e concreción da proposta. **Ata 2 puntos.***

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

ATM/edl

Ref: acta lectura info tecn e apertura oferta

Asunto: Coordinación do Club de Lectura

- A xestión e programación da asistencia dalgún dos autores das lecturas programadas á reunión na que se vaia a comentar o seu libro. **Ata 1 punto.**

- A achega de material relacionado coas lecturas das distintas sesións para a súa utilización nas redes sociais da biblioteca: fichas descritivas do contido das sesións, comentarios, reflexións, recomendacións, material gráfico, etc. **Ata 1 punto.**

- Calquera outras actividades complementarias ou propostas que contribúan a un maior aproveitamento das lecturas e ao enriquecemento do contido das sesións do club. **Ata 1 punto.**

A valoración realizarase en informe motivado dun técnico municipal e por comparación de ofertas. >>

En base a tales criterios, a avaliación da proposta presentada é a seguinte:

- En relación á planificación e estrutura do desenvolvemento das sesións, a proposta adecúase perfectamente aos obxectivos do club de lectura da biblioteca, expoñendo con claridade o calendario de sesións e a estrutura das reunións. A autora achega, ademais, unha proposta de posibles lecturas na que se ten en conta os distintos xéneros literarios, a inclusión de diferentes literaturas mundiais e a equidade entre autores e autoras, o que responde correctamente aos criterios de calidade e diversidade do club: **2 PUNTOS.**
- Con respecto a programación da asistencia dalgún dos autores das lecturas programadas a licitadora propón un mínimo de dous encontros, achegando unha oferta atractiva, con cinco opcións cuxa elección dependerá, tanto da dispoñibilidade dos autores como da dispoñibilidade do préstamo das lecturas correspondentes no Club de Lectura de Galicia. Os nomes propostos son: María Reimóndez, Emma Pedreira, Pedro Feijoo, Eva Mejuto e Xesús Fraga e inclúe, ademais, os temas a tratar en cada encontro: **1 PUNTO.**
- No referente á achega de material relacionado coas lecturas, as actividades expostas son convenientes tanto para as persoas participantes no club, xa que teñen por obxecto contribuír a un maior aproveitamento das lecturas, como para o persoal da biblioteca, polo feito de proporcionar material para as nosas redes sociais. Propostas que inclúen: unha entrada quincenal nas redes sociais da biblioteca, redactar unha ficha descritiva do contido da sesión ou á achega de material gráfico relacionado. Inclúese ademais na oferta presentada un modelo como exemplo de ficha moi completo e detallado correspondente a unha sesión: **1 PUNTO.**
- Con respecto a calquera outra actividade complementaria ou proposta que contribúan a un maior aproveitamento das lecturas e o enriquecemento do contido das sesións, presenta actividades moi interesantes, como a organización dalgún paseo literario suxerindo, entre outras posibilidades: O Lugo de novela de María Reimóndez, O Betanzos de Xesús Fraga, O museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba ou o Museo do Castro de Viladonga en relación coa lectura da obra "La vida contada por un sapiens a un neandertal". Propón tamén como medio para a achega de información complementaria ao contido das sesións, "a creación dun grupo de whatsapp a través do que se enviarán entrevistas, reportaxes e calquera outra información enriquecedora do libro que se está a ler". Inclúe ademais, a celebración de efemérides "con lecturas especiais duns dez minutos por sesión" (Día de Rosalía, Día do Cómic, Morte de Paul Auster, 17 de maio.): **1 PUNTO.**

A continuación, se procede á apertura da oferta económica e suxeita a criterios avaliados automaticamente co seguinte resultado:

" b) Que presenta a seguinte oferta económica:

Prezo unitario sen IVE: 165 euros.

IVE (21%): 34,65 euros.

Prezo unitario IVE incluído: 199,65 euros.

c) Que me comprometo a **adscribir ao contrato un coordinador e moderador** (eu mesma) **con experiencia de coordinación en 12 clubs de lectura desenvolvidos nalgún centro bibliotecario público (bibliotecas ou axencias de lecturas)** cun mínimo de 16 horas por edición, e cun número mínimo de 15 participantes, **a maiores do mínimo esixido (1) na cláusula sexta**, e conforme a seguinte táboa:

<p><u>COORDINADORA</u> Antía Yáñez Rodríguez</p>	<p>1- CLUB LECTURA CONCELLO DE LUGO (biblioteca Isidro Novo), curso 2022/2023 <u>Descrición:</u> Club de lectura para xente adulta levado a cabo na biblioteca municipal de Lugo. <u>Funcións:</u> Elección das lecturas. Organización do calendario. Presentación e explicación das lecturas. Moderación do debate arredor das mesmas. Achega dos coñecementos necesarios para entender a obra na súa totalidade e transmisión aos e ás asistentes. Xestión de visitas de autores/as e/ou outras persoas responsables dun libro (editores, tradutores, ilustradores...). Este curso: Diego Giráldez e Berta Dávila. Presentación, condución e moderación do acto no que participaba o convidado ou convidada. <u>N.º h/edición:</u> 24 horas (16 sesións, 1'5 horas por sesión) <u>N.º asistentes:</u> 20 asistentes <u>Ano de execución:</u> desde outubro de 2022 ata xuño de 2023</p>
	<p>2- CLUB LECTURA CONCELLO DE LUGO (biblioteca Isidro Novo), curso 2023/2024 <u>Descrición:</u> Club de lectura para xente adulta levado a cabo na biblioteca municipal de Lugo. <u>Funcións:</u> Elección das lecturas. Organización do calendario. Presentación e explicación das lecturas. Moderación do debate arredor das mesmas. Achega dos coñecementos necesarios para entender a obra na súa totalidade e transmisión aos e ás asistentes. Xestión de visitas de autores/as e/ou outras persoas responsables dun libro (editores, tradutores, ilustradores...). Este curso: María Sánchez e Nuria Pico. Presentación, condución e moderación do acto no que participaba o convidado ou convidada. <u>N.º h/edición:</u> 24 horas (16 sesións, 1'5 horas por sesión) <u>N.º asistentes:</u> 20 asistentes <u>Ano de execución:</u> desde outubro de 2023 ata xuño de 2024</p>
	<p>3- CLUB LECTURA CONCELLO DE BETANZOS (bib. municipal), curso 2022/2023 <u>Descrición:</u> Club de lectura para xente adulta levado a cabo na biblioteca municipal de Betanzos. <u>Funcións:</u> Elección das lecturas. Organización do calendario. Presentación e explicación das lecturas. Moderación do debate arredor das mesmas. Achega dos coñecementos necesarios para entender a obra na súa totalidade e transmisión aos e ás asistentes. <u>N.º h/edición:</u> 24 horas (16 sesións, 1'5 horas por sesión) <u>N.º asistentes:</u> 20 asistentes <u>Ano de execución:</u> desde outubro de 2022 ata xuño de 2023</p>
	<p>4- CLUB LECTURA CONCELLO DE BETANZOS (bib. municipal), curso 2023/2024 <u>Descrición:</u> Club de lectura para xente adulta levado a cabo na biblioteca municipal de Betanzos. <u>Funcións:</u> Elección das lecturas. Organización do calendario. Presentación e explicación das lecturas. Moderación do debate arredor das mesmas. Achega dos coñecementos necesarios para entender a obra na súa totalidade e transmisión aos e ás asistentes. Xestión dunha visita cultural á casa museo de Wenceslao Fernández Flórez de Cecebre. <u>N.º h/edición:</u> 24 horas (16 sesións, 1'5 horas por sesión) <u>N.º asistentes:</u> 20 asistentes <u>Ano de execución:</u> desde outubro de 2023 ata xuño de 2024</p>
	<p>5- CLUB LECTURA DA UDC (Universidade da Coruña), curso 2022/2023 <u>Descrición:</u> Club de lectura para xente adulta levado a cabo no Espazo de Intervención Cultural da Normal, na Coruña. <u>Funcións:</u> Elección das lecturas. Organización do calendario. Presentación e explicación das</p>

CONTRATAÇÃO E PATRIMONIO

ATM/edl

Ref: acta lectura info tecn e apertura oferta

Asunto: Coordinación do Club de Lectura

	<p>lecturas. Moderación do debate arredor das mesmas. Achega dos coñecementos necesarios para entender a obra na súa totalidade e transmisión aos e ás asistentes. Xestión de visitas de autores/as e/ou outras persoas responsables dun libro (editores, tradutores, ilustradores...). Este curso: Marilar Aleixandre. Presentación, condución e moderación do acto no que participaba o convidado ou convidada, aberto a toda a comunidade educativa da universidade.</p> <p><u>N.º h/edición:</u> 32 horas (16 sesións, 2 horas por sesión)</p> <p><u>N.º asistentes:</u> 20 asistentes</p> <p><u>Ano de execución:</u> desde outubro de 2022 ata xuño de 2023</p>
	<p>6- CLUB LECTURA DA UDC (Universidade da Coruña), curso 2023/2024</p> <p><u>Descrición:</u> Club de lectura para xente adulta levado a cabo no Espazo de Intervención Cultural da Normal, na Coruña.</p> <p><u>Funcións:</u> Elección das lecturas. Organización do calendario. Presentación e explicación das lecturas. Moderación do debate arredor das mesmas. Achega dos coñecementos necesarios para entender a obra na súa totalidade e transmisión aos e ás asistentes. Xestión de visitas de autores/as e/ou outras persoas responsables dun libro (editores, tradutores, ilustradores...). Este curso: Nuria Pico. Presentación, condución e moderación do acto no que participaba o convidado ou convidada, aberto a toda a comunidade educativa da universidade.</p> <p><u>N.º h/edición:</u> 32 horas (16 sesións, 2 horas por sesión)</p> <p><u>N.º asistentes:</u> 20 asistentes</p> <p><u>Ano de execución:</u> desde outubro de 2023 ata xuño de 2024</p>
	<p>7- CLUB LECTURA DOS MARTES DA BIBLIOTECA PÚBLICA DA CORUÑA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS (Xunta de Galicia), curso 2023/2024</p> <p><u>Descrición:</u> Club de lectura para xente adulta de literatura en lingua castelá levado a cabo na biblioteca Miguel González Garcés da Coruña, dependente da Xunta de Galicia.</p> <p><u>Funcións:</u> Elección das lecturas. Organización do calendario. Presentación e explicación das lecturas. Moderación do debate arredor das mesmas. Achega dos coñecementos necesarios para entender a obra na súa totalidade e transmisión aos e ás asistentes.</p> <p><u>N.º h/edición:</u> 24 horas (16 sesións, 1'5 horas por sesión)</p> <p><u>N.º asistentes:</u> 20 asistentes</p> <p><u>Ano de execución:</u> desde outubro de 2023 ata xuño de 2024</p>
	<p>8- CLUB LECTURA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE MONTE ALTO DA CORUÑA, curso 2019-2020.</p> <p><u>Descrición:</u> Club de lectura para xente adulta levado a cabo na biblioteca municipal de Monte Alto da Coruña, mediante subcontrata da empresa Osventos Innovación en Servizos S.L.</p> <p><u>Funcións:</u> Elección das lecturas. Organización do calendario. Presentación e explicación das lecturas. Moderación do debate arredor das mesmas. Achega dos coñecementos necesarios para entender a obra na súa totalidade e transmisión aos e ás asistentes. Xestión de visitas de autores/as e/ou outras persoas responsables dun libro (editores, tradutores, ilustradores...). Este curso: Emma Pedreira (acto compartido con Estudos Locais). Presentación, condución e moderación do acto no que participaba o convidado ou convidada. Adaptación do club ao formato online durante a pandemia.</p> <p><u>N.º h/edición:</u> 32 horas (16 sesións, 2 horas por sesión)</p> <p><u>N.º asistentes:</u> 20 asistentes</p> <p><u>Ano de execución:</u> desde outubro de 2019 ata xuño de 2020</p>
	<p>9- CLUB LECTURA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE MONTE ALTO DA CORUÑA, curso 2020-2021.</p> <p><u>Descrición:</u> Club de lectura para xente adulta levado a cabo na biblioteca municipal de Monte Alto da Coruña, mediante subcontrata da empresa Osventos Innovación en Servizos S.L.</p> <p><u>Funcións:</u> Elección das lecturas. Organización do calendario. Presentación e explicación das lecturas. Moderación do debate arredor das mesmas. Achega dos coñecementos necesarios para entender a obra na súa totalidade e transmisión aos e ás asistentes. Xestión de visitas de autores/as e/ou outras persoas responsables dun libro (editores, tradutores, ilustradores...). Este curso: Berta Dávila e Antonio Sandoval (actos compartidos con Estudos Locais). Presentación, condución e moderación do acto no que participaba o convidado ou convidada.</p> <p><u>N.º h/edición:</u> 32 horas (16 sesións, 2 horas por sesión)</p> <p><u>N.º asistentes:</u> 20 asistentes</p> <p><u>Ano de execución:</u> desde outubro de 2020 ata xuño de 2021.</p>
	<p>10- CLUB LECTURA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE MONTE ALTO DA CORUÑA, CURSO 2021-2022.</p> <p><u>Descrición:</u> Club de lectura para xente adulta levado a cabo na biblioteca municipal de Monte Alto da Coruña, mediante subcontrata da empresa Osventos Innovación en Servizos S.L.</p>

	<p><u>Funcións:</u> Elección das lecturas. Organización do calendario. Presentación e explicación das lecturas. Moderación do debate arredor das mesmas. Achega dos coñecementos necesarios para entender a obra na súa totalidade e transmisión aos e ás asistentes. Xestión de visitas de autores/as e/ou outras persoas responsables dun libro (editores, tradutores, ilustradores...). Este curso: visita ao pazo de Meirás e participación no II Encontro dos Clubs de Lectura do concello, elaborando un discurso (actos compartidos con Estudos Locais).</p> <p><u>N.º h/edición:</u> 32 horas (16 sesións, 2 horas por sesión)</p> <p><u>N.º asistentes:</u> 20 asistentes</p> <p><u>Ano de execución:</u> desde outubro de 2021 ata outubro de 2022 (descanso en xuño, xullo, agosto e setembro).</p>
	<p>11- CLUB LECTURA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE ESTUDOS LOCAIS DA CORUÑA, CURSO 2019-2020.</p> <p><u>Descrición:</u> Club de lectura para xente adulta levado a cabo na biblioteca municipal de Estudos Locais da Coruña, mediante subcontrata da empresa Osventos Innovación en Servizos S.L.</p> <p><u>Funcións:</u> Elección das lecturas. Organización do calendario. Presentación e explicación das lecturas. Moderación do debate arredor das mesmas. Achega dos coñecementos necesarios para entender a obra na súa totalidade e transmisión aos e ás asistentes. Xestión de visitas de autores/as e/ou outras persoas responsables dun libro (editores, tradutores, ilustradores...). Este curso: Emma Pedreira (acto compartido do club de Monte Alto). Presentación, condución e moderación do acto no que participaba o convidado ou convidada. Adaptación do club ao formato online durante a pandemia.</p> <p><u>N.º h/edición:</u> 32 horas (16 sesións, 2 horas por sesión)</p> <p><u>N.º asistentes:</u> 20 asistentes</p> <p><u>Ano de execución:</u> desde outubro de 2019 ata xuño de 2020</p>
	<p>12- CLUB LECTURA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE ESTUDOS LOCAIS DA CORUÑA, curso 2020-2021.</p> <p><u>Descrición:</u> Club de lectura para xente adulta levado a cabo na biblioteca municipal de Monte Alto da Coruña, mediante subcontrata da empresa Osventos Innovación en Servizos S.L.</p> <p><u>Funcións:</u> Elección das lecturas. Organización do calendario. Presentación e explicación das lecturas. Moderación do debate arredor das mesmas. Achega dos coñecementos necesarios para entender a obra na súa totalidade e transmisión aos e ás asistentes. Xestión de visitas de autores/as e/ou outras persoas responsables dun libro (editores, tradutores, ilustradores...). Este curso: Berta Dávila e Antonio Sandoval (actos compartidos co club de Monte Alto). Presentación, condución e moderación do acto no que participaba o convidado ou convidada.</p> <p><u>N.º h/edición:</u> 32 horas (16 sesións, 2 horas por sesión)</p> <p><u>N.º asistentes:</u> 20 asistentes</p> <p><u>Ano de execución:</u> desde outubro de 2020 ata xuño de 2021.</p>
	<p>13- CLUB LECTURA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE ESTUDOS LOCAIS DA CORUÑA, CURSO 2021-2022.</p> <p><u>Descrición:</u> Club de lectura para xente adulta levado a cabo na biblioteca municipal de Monte Alto da Coruña, mediante subcontrata da empresa Osventos Innovación en Servizos S.L.</p> <p><u>Funcións:</u> Elección das lecturas. Organización do calendario. Presentación e explicación das lecturas. Moderación do debate arredor das mesmas. Achega dos coñecementos necesarios para entender a obra na súa totalidade e transmisión aos e ás asistentes. Xestión de visitas de autores/as e/ou outras persoas responsables dun libro (editores, tradutores, ilustradores...). Este curso: visita ao pazo de Meirás e participación no II Encontro dos Clubs de Lectura do concello, elaborando un discurso (actos compartidos co club de Monte Alto).</p> <p><u>N.º h/edición:</u> 32 horas (16 sesións, 2 horas por sesión)</p> <p><u>N.º asistentes:</u> 20 asistentes</p> <p><u>Ano de execución:</u> desde outubro de 2021 ata outubro de 2022 (descanso en xuño, xullo, agosto e setembro)</p>

Téndose establecido no prego de cláusulas administrativas particulares parámetros obxectivos para a determinación de ofertas anormalmente baixas conforme ao artigo 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, do Regulamento da Lei de Contratos, procedese a realizar as oportunas comprobacións resultando que **non existe oferta incurso en presunción de temeridade.**

CONTRATAÇÃO E PATRIMONIO

ATM/edl

Ref: acta lectura info tecn e apertura oferta

Asunto: Coordinación do Club de Lectura

Á vista do exposto conclúese a innecesiedade de confeccionar cadro de puntuación e os membros da Mesa acordan seleccionar como oferta máis vantaxosa en relación calidade-prezo á oferta presentada por **ANTÍA YÁÑEZ RODRÍGUEZ, co DNI 34.884.398E.**

Compróbase que a dita licitadora non está inscrita nin no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia nin no Rexistro Oficial de licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) polo que non se pode comprobar de oficio que cumpre os requisitos esixidos nos pregos.

En consecuencia requíreselle á dita licitadora para que, no prazo máximo de **10 días hábiles dende o envío deste requirimento**, presente no Rexistro Xeral do Concello a través da Sede electrónica <https://www.lugo.gal/portal/tramites/X100> ou no Rexistro Electrónico Xeral da Administración Xeral do Estado ou de calquera Administración Pública dirixido ao Concello de Lugo (Servizo de Contratación) a seguinte documentación (véase a salvidade no caso de garantía definitiva constituída mediante aval ou seguro de caución).

1.- Copia do DNI da persoa asinante da oferta.

2.- Constitución da **garantía definitiva por importe de 132 euros** (5% do orzamento máximo: 165 € x 16 actividades)

A dita garantía poderá prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 108 da LCSP, esto é:

a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na Lei.

** Para proceder ó pagamento deste importe realizarase ingreso ou transferencia bancaria nas entidades financieras e contas que a continuación se relacionan indicando claramente o concepto (Garantía Definitiva) e o nome do procedemento de contratación e obxecto do contrato.*

. ABANCA: ES59 2080 0101 56 3110000947

. LA CAIXA-CAIXABANK: ES08 2100-5850-07-0200014045

. BANCO SABADELL : ES35 0081-2141- 6600-0102-4611

. CAIXA RURAL: ES73 3070 0001 2560 7047 3522.

Un xustificante desta transferencia ou ingreso deberá presentarse xunto co resto da documentación requirida da forma indicada anteriormente antes do remate do prazo concedido na resolución notificada para proceder á entrega da documentación.

*AVISO: No caso de que a garantía definitiva se presente aval ou seguro de caución, o orixinal destes documentos presentarase **presencialmente** nas Oficinas Municipais do Servizo de Contratación (edificio administrativo Ronda Muralla 197 3º andar) antes do remate do prazo concedido na resolución notificada para proceder á entrega da documentación; sendo remitido co resto da documentación a través da sede electrónica copia do dito aval ou seguro de caución.*

Por parte da Tesourería Municipal se indica a necesidade de que os avais e seguros de caución estean asinados de modo manuscrito polas dificultades de custodia dos documentos electrónicos nos que a impresión non ten validez e ante a posibilidade de que o avalado/asegurado inste a cancelación ante a entidade avalista/aseguradora sen coñecemento previo e autorización do Concello.

3.- **Alta no IAE** no epígrafe correspondente ao obxecto deste contrato completado cunha **declaración responsable de non darse de baixa** na matrícula do devandito imposto.

4.- **Certificación positiva en vigor da Axencia Estatal da Administración Tributaria.**

5.- **Certificación positiva en vigor da Seguridade Social.**

6.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** segundo o establecido na cláusula sexta do PCAP que di:

*Co **volumen anual de negocios** (cifra de negocios por importe neto que se reflicta na conta de perdas e ganancias da conta anual) referido ao ano de maior volumen de negocio dos últimos tres anos anteriores á licitación deste contrato **por importe igual ou superior a 4.100,00 euros, IVE excluído.***

(...)

Os empresarios individuais non inscritos acreditarán o volumen anual de negocio por medio dos libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil ou ben mediante certificación da AEAT comprensivo das operacións realizadas no exercicio (certificado tributario IVE).

En relación coa **acreditación da solvencia técnica e compromiso de adscrición**, a cláusula sexta do PCAP establece:

6.2.- A **solvencia técnica e profesional** deberá ser xustificada mediante a acreditación de:

*Experiencia na realización de **servizos de organización da actividade de club de lectura para as persoas adultas** por un importe anual acumulado, no ano de maior execución, durante os derradeiros **tres anos** que sexa igual ou superior a **1.900,00 euros, IVE excluído.***

(...)

6.3.- De conformidade co artigo 76 da LCSP esíxese, ademais da solvencia técnica indicada, que os licitadores se comprometan a **adscibir á execución do contrato un/unha coordinador/a e moderador/a coa experiencia mínima na coordinación de UN club de lectura desenvolvidos nalgún centro bibliotecario público (bibliotecas ou axencias de lecturas) cun mínimo de 16 horas por edición e cun número de participantes mínimo de 15, que se tivera realizado nos últimos 10 anos**, o que xustificará mediante a achega das certificacións ou acreditacións equivalentes oportunas.

Todo isto sen prexuízo da valoración dunha maior experiencia conforme se indica nos criterios de adxudicación da cláusula décimo segunda deste PCAP.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

ATM/edl

Ref: acta lectura info tecn e apertura oferta

Asunto: Coordinación do Club de Lectura

Dado que a licitadora manifesta que **realizou os Clubs de Lectura na Biblioteca Isidro Novo para o Concello de Lugo nos cursos 2022/2023** cumprirá o requisito esixido de experiencia mínima na coordinación de UN club de lectura desenvolvidos nalgún centro bibliotecario público (bibliotecas ou axencias de lecturas) cun mínimo de 16 horas por edición e cun número de participantes mínimo de 15 nos últimos 10 anos. Na oferta non indica os importes anuais facturados polos servizos (mínimo 1.900 euros); non obstante, e dado que se trata dunha información que pode comprobarse de oficio, **bastará con que se informe sobre a veracidade da declaración e importes facturados polo Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.**

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos aos contratos, presentarse, previamente á formalización do contrato administrativo, a **certificación da Compañía de Seguros conforme o seguinte modelo:**

A Compañía de Seguros con NIF	
CERTIFICA:	
1.- Que a empresa con NIF ten contratada con esta compañía a póliza de seguro co número con efecto dende o día..... e vencemento e que se atopa ao corrente do seu pagamento.	
2.- Esta póliza de seguro ten as seguintes coberturas e límites/sublímites:	
<table border="1"><tr><td>Responsabilidade civil xeral.</td></tr></table>	Responsabilidade civil xeral.
Responsabilidade civil xeral.	
3º.- Este seguro cubre a responsabilidade civil pola actividade obxecto do contrato.	

O que se lle notifica aos licitadores con indicación de que ao ser un acto de trámite non procede recurso algún.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 9:15 horas.

A PRESIDENTA, (sinatura dixital)
Ana Tabarés Martínez

A SECRETARIA, (sinatura dixital)
Eva Díaz López